

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA F.G.S. DE 2024

En Vigo, a 10 de xuño de 2024, e de forma telemática reúnese a Asemblea Xeral con carácter Extraordinario, ás 20,30 horas en primeira convocatoria, e ás 21,00h en segunda e derradeira convocatoria, coa seguinte Orde do Día:

1º Lectura e aprobación do Acta Anterior, se procede.

2º Liquidación 2023. Balance de Situación 2023 a 31/12/2022. Aprobación.

3º Rogos e preguntas.

Coa presenza dos seguintes asembleístas:

A.D Vigo Squash
A.D Squash Club Santiago
D. Pablo Rodríguez Mosquera
D. Juan Carlos Romero Craver
D. Víctor M. Reguera Amoedo
D^a. Catuxa Codesido Pérez (Presidente)
D^a. M^a Dorinda Garaboa Paz (Secretaria)

Abre a reunión a Presidenta, agradecendo a presenza dos Asembleístas.

O Punto número un: Lectura do acta anterior, estando dacordo tódolos presentes, queda aprobada.

O Punto nº dous: Preséntase Liquidación 2023. Balance de Situación 2023 a 31/12/2023. As contas foron enviadas por email, xunto coa convocatoria. Quedan aprobadas por unanimidade.

O punto nº tres: Rogos e preguntas.

A presidenta mostra a súa preocupación coa situación que se está a vivir coas instalacións en Vigo xa que dende a FGS lévase solicitando unha reunión co Concello dende setembro sen recibir resposta. A presidenta enviou unha carta vía email, e tamén, foi presentada por rexistro no Concello de Vigo. A secretaria, foi o luns pasado o Concello, e falou co concelleiro Manel Fernández, o cal lle indicou que está buscando unha solución, e que por iso non nos citarán a unha reunión

As noticias publicadas en prensa indican que en febrero, ou marzo, de 2025 empezarán as obras, polo que se teme o peche das pistas de squash de Balaídos, o cal sería un gran golpe ó Squash Galego. A presidenta di que xa

non sabe o que facer, os clubs vigueses van intentar escribir o Concello e intentar que busque unha solución a este grave problema.

A secretaria comenta a baixa participación do Campionato Galego Absoluto de Squash 2024, fanse varias propostas para conseguir unha maior participación, na próxima edición, unha delas cambiar as axudas ó desprazamento por posición, a un sorteo de premios chamativos para todos os participantes (viaxe fin de semana, Caixa experiencias, etc).

A secretaria comenta que o mércores ás 16,30h en Vigo terá lugar unha reunión para explicar a figura do Delegado antiviolencia, que agora coa nova Lei do Deporte terán que ter os clubs que teñan actividades con nenos menores de 16 anos. Tamén se informa, de que este ano volverá a levarse a cabo o Plan de Corresponsables (pola Secretaria Xeral para o Deporte), o martes 18, terá lugar unha reunión en Santiago coas federacións. En principio a FGS presentará a solicitude para participar en dito programa. Manterase informado os clubs.

Juan Carlos Romero indica a necesidade de volver a facer torneos nas instalacións situadas en Pontevedra, en Rías do Sur, quédase en falar có club Squash Rías do Sur e intentar facer unha proba do Open Xunta de Galicia de Squash por Categorías, no tercer trimestre da tempada.

Sen nada máis que discutir, e sen nada máis que reflexar, ás 22,35horas péchase esta Asemblea Extraordinaria de 2024.

V.º e B.º

Asdo.- María Dorinda Garaboa Paz
Secretaria da FGS

Asdo.- Dña Catuxa Codesido Pérez
Presidenta da FGS